


**E**ducar é unha tarefa nobre, necesaria e atractiva, pero cada vez máis complexa, difícil e delicada. Constatación que nos semella pouco a pouco máis diáfana segundo imos avanzando en idade e, talvez, en coñecemento. Un barrido pola bibliografía dos últimos anos amósanos como, a diferenza das propostas simplificadoras, como é o caso das propostas “técnicas” ou “eficientistas”, tanto os fundamentos como os ámbitos de estudo e de actuación fixéronse cada vez máis amplos, intrincados e diversos. A crecente complexidade social, o aumento da incertidume, os continuos cambios sociais, a presenza dunha maior diversidade cultural nas aulas, as novas demandas que se lle esixen ao sistema educativo –en moitos casos orientadas a dar resposta educativa a procesos sociais problemáticos como son os fundamentalismos, as guerras, os terrorismos, a manipulación informativa, etc.-, son algúns dos feitos que avalan o que dicimos. E esta maior complexidade e dificultade éo tanto para o profesorado como para as nais e pais, aliados naturais no proceso educativo.

(...) **Q**uere dicir isto que a educación, pola súa propia natureza e pola súa finalidade, debe estar conectada coas realidades económicas, sociais, culturais e políticas nas que se sitúa e para as que intervén. Non podemos separar, por tanto, ambas as dúas dimensións. Facelo sería caer nunha das visións tecnicistas que caracterizaron os estudos en educación no pasado recente e que, na actualidade, a rebufo das políticas educativas conservadoras, volven gozar de presenza e recoñecemento xurídico en diversos países a través de propostas como escolas eficaces, organización empresarial dos centros, ensino técnico e neutro, avaliación obxectiva, etc.

Xesús R. Jares  
*Educar para la verdad y la esperanza. 2005*



un impulso novo  
**VI congreso**

COMPOSTELA, 9 e 10 de xuño **2007**